



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Prácticas en empresa	Código	614502011	
Titulación	Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática (plan 2012)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputaciónEnxeñaría de ComputadoresMatemáticas			
Coordinación	Dapena Janeiro, Adriana	Correo electrónico	adriana.dapena@udc.es	
Profesorado	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es	
	Dapena Janeiro, Adriana		adriana.dapena@udc.es	
	Fernández Iglesias, Diego		diego.fernandez@udc.es	
	López Taboada, Guillermo		guillermo.lopez.taboada@udc.es	
	Parapar López, Javier		javier.parapar@udc.es	
	Pérez Sánchez, Beatriz		beatriz.perezs@udc.es	
	Rodriguez Brisaboa, Nieves		nieves.brisaboa@udc.es	
	Vázquez Naya, José Manuel		jose.manuel.vazquez.naya@udc.es	
Web	https://wiki.fic.udc.es/muei_faq/#pe			



Descrición xeral	A materia de PE cursase no terceiro cuatrimestre (Q3), que corresponde ao primeiro cuatrimestre do segundo curso. O seu obxectivo é completar a formación do mestrado con estancias nas entidades colaboradoras nas que experimentar o desenvolvemento da actividade profesional nun marco real. A FIC ten acordos con distintas empresas para a realización de prácticas curriculares. O desenvolvemento dunha PE implica: 1) O contacto da FIC con entidades colaboradoras e a dispoñibilidade destas para aceptar a estudantes do MUEI que realicen tarefas que podan desenvolverse mediante a materia de PE. 2) Os contactos para definir as PE dun curso académico inicianse desde finais do curso previo. 3) A formalización dun acordo entre a entidade colaboradora e a FIC, o que suporá a asignación da práctica a un estudante. 4) A designación dunha persoa da entidade colaboradora que actuará como titor profesional do estudante supervisando o desenvolvemento efectivo das súas tarefas. 5) A designación dunha persoa da FIC coas funcións de titor académico que supervisará que o estudante realice o plan de formación determinado, que recibirá os informes do titor profesional e do estudante, e que avaliará o realizado polo estudante. 6) A definición dun plan de formación onde os titores da PE definan o alcance do traballo a realizar polo estudante. A normativa da UDC sobre PE require que se estableza un convenio para a relación de PE e impide que se desenvolvan no marco do traballo habitual dos grupos de investigación da propia universidade, salvo que se ofrezca a través do servizo de emprego da UDC. Existen unhas directrices específicas da FIC para ampliar e concretar o marco normativo da UDC: 1) Que ao estudante queden como máximo para finalizar os seus estudos 66 créditos, incluíndo os correspondentes aos complementos formativos, se tivese que cursalos. 2) Que superase ou que se atope matriculado nas restantes materias, incluíndo tamén os complementos formativos se os tiver, agás, se cadra, o TFM. En todo caso, se un estudante está a traballar nunha empresa cabe a posibilidade de desenvolver a materia PE compaxinándoa co seu traballo, previa autorización da vicerreitoría de Estudantes e, por suposto, sinatura do convenio. Os créditos de PE poden ser recoñecidos se se acreditan seis meses de experiencia profesional. Os titores que aparecen na presente guía corresponden ao curso pasado.
-------------------------	---



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán modificacións nos contidos, xa que os estudantes deben incorporarse a unha empresa e participar nas súas actividades. No caso de que a empresa decida que o traballo debe realizarse e supervisarse de maneira online, os alumnos deberán adaptarse. Se a empresa decide paralizar as prácticas, os alumnos deberán acollerse a algunha das medidas que estableza a UDC para dita situación. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas *Metodoloxías docentes que se modifican Sen cambios 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Os titores académicos poderán realizar a atención personalizada a través das canles telemáticas que a UDC pon á súa disposición: correo electrónico, Teams, Moodle... 4. Modificacións na avaliación Non hai modificacións na avaliación. *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non procede.
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
B1	Capacidade de resolución de problemas.
B2	Traballo en equipo.
B3	Capacidade de análise e síntese.
B4	Capacidade para organizar e planificar.
B5	Habilidades de xestión da información.
B6	Toma de decisións.
B7	Preocupación pola calidade.
B8	Capacidade de traballar nun equipo interdisciplinar.
B9	Capacidade para xerar novas ideas (creatividade).
B10	Capacidade para proxectar, calcular e deseñar produtos, procesos e instalacións en todos os ámbitos da enxeñaría informática
B11	Capacidade para a dirección de obras e instalacións de sistemas informáticos, cumprindo a normativa vixente e asegurando a calidade do servizo
B12	Capacidade para dirixir, planificar e supervisar equipos multidisciplinares
B13	Capacidade para o modelado matemático, cálculo e simulación en centros tecnolóxicos e de enxeñaría de empresa, particularmente en tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación en todos os ámbitos relacionados coa Enxeñaría en Informática
B14	Capacidade para a elaboración, planificación estratéxica, dirección, coordinación e xestión técnica e económica de proxectos en todos os ámbitos da Enxeñaría en Informática seguindo criterios de calidade e ambientais
B15	Capacidade para a dirección xeral, dirección técnica e dirección de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación, en empresas e centros tecnolóxicos, no ámbito da Enxeñaría Informática
B16	Capacidade para a posta en marcha, dirección e xestión de procesos de fabricación de equipos informáticos, con garantía da seguridade para as persoas e bens, a calidade final dos produtos e a súa homologación



B17	Capacidade para a aplicación dos coñecementos adquiridos e de resolver problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos e multidisciplinares, sendo capaces de integrar estes coñecementos
B18	Capacidade para comprender e aplicar a responsabilidade ética, a lexislación e a deontoloxía profesional da actividade da profesión de Enxeñeiro en Informática
B19	Capacidade para aplicar os principios da economía e da xestión de recursos humanos e proxectos, así como a lexislación, regulación e normalización da informática
B21	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B22	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B23	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B24	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B25	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Poseer experiencia real sobre a actividade profesional dentro das empresas no ámbito da Enxeñaría Informática	BP1	CP1
	BP2	CP2
	BP3	CP3
	BP4	CP4
	BP5	CP5
	BP6	CP6
	BP7	CP7
	BP8	CP8
	BP9	
	BP10	
	BP11	
	BP12	
	BP13	
	BP14	
	BP15	
	BP16	
	BP17	
	BP18	
	BP19	
	BM1	
	BM2	
	BM3	
	BM4	
	BM5	

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas en empresa	As prácticas realízanse en empresas TIC. O estudante será tutorizado por un titor profesional e outro académico. O estudante debe entregar informes e unha memoria final. O titor profesional debe emitir un informe sobre as actividades realizadas. O titor académico calificará ao estudante tendo en conta o seguimento realizado, a memoria final e o informe do titor profesional.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	250	45	295
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas a través de TIC	Prácticas en Empresa que deberán realizarse no terceiro cuadrimestre
---------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Débase destacar particularmente a importancia do papel do profesor tutor, esencial para un axeitado aproveitamento da estancia do estudante, así como para facilitar a relación da Facultade cas empresas colaboradoras. A realización das prácticas require a asignación dun tutor profesional e dun tutor académico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O estudante informará ao tutor académico das tarefas que está a realizar. Ao rematar a práctica, o estudante entregará un informe donde enumere e explique en detalle as tarefas realizadas, a contorna tecnolóxica utilizada -ferramentas, estándares e metodoloxías-, evitando as cuestións que poidan considerarse confidenciais. A extensión recomendada é de aproximadamente 10 páxinas. O tutor profesional entregará un informe avaliando a actividade do estudante. O tutor académico avaliará a práctica e emitirá un informe final: - Valoración da memoria: 50% - Seguimento continuado e obxetivable da participación activa por parte do estudante: 50%	100

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Planificación estratéxica de sistemas de información/614502001
Dirección de proxectos/614502002
Calidade, seguridade e auditoría informática/614502003
Informática como servizo/614502004
Arquitecturas e plataformas móbiles/614502005
Análise de sistemas de información/614502006
Deseño de sistemas de información/614502007
Interacción, gráficos e multimedia/614502008
Intelixencia de negocio/614502009
Recuperación da información e web semántica/614502010

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo fin de mestrado/614502012



Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías